

INFORMACIÓN SOBRE O SERVIZO DE ALMORZOS

A ANPA farase cargo do servizo de almozos ata xaneiro, momento en que o asumirá o Concello de Narón.

O servizo funcionará exactamente igual que o curso pasado, coa mesma empresa (Jardanay) e as mesmas condicións.

O prezo mantense en 2,90€ por neno/día. Temos un convenio co Concello de Narón polo que este subvenciona ata un 70 % do prezo, pero en principio os usuarios sufragan o 100 %, e logo a ANPA devólvelle a cada un a parte que lle corresponda.

O horario é de 7:30 a 8:45 horas (8:30 si almorzan no centro).

É obrigatorio cubrir e entregar o formulario antes de usar o servizo e informar á ANPA de calquera cambio cunha antelación de 48 horas.

Os usuarios con débedas pendentes do curso pasado deberán abonalas antes de usar o servizo.

En principio non hai límite de prazas; pódese entregar o formulario cando se vaia facer uso efectivo do servizo.

Para facer uso do servizo éntrase pola porta traseira, a que queda fronte ó Pavillón da Mocidade.

Calquera queixa, dúbida ou suxerencia relacionada co servizo de almozos trátase directamente coa ANPA, non coas monitoras.

Unha vez cuberto o formulario, enviádeo ó noso correo (anpabuxaina@hotmail.com) co asunto "servizo de almozos 2024".

Moitas grazas

ANPA A BUXAINA